

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019-20

IES LAURO OLMO

CURSO: 4º de ESO

MATERIA: VALORES ÉTICOS

12 de maio de 2020

ÍNDICE

1. **Introdución**
2. **Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, e competencias imprescindibles.**
3. **Avaliación e cualificación.**
4. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
5. **Información e publicidade.**

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA DO IES LAURO OLMO

MODIFICACIÓNS DA PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIAS DEBIDAS Á PANDEMIA PRODUCIDA POLO COVID-19

1.- INTRODUCCIÓN: Debido a suspensión das clases lectivas presenciais dende o pasado venres día 13 de marzo xunto coas medidas de confinamento decretadas desde o Goberno central do Estado de Alarma houbo que adaptar ás programacións didácticas das distintas materias en consonancia coas directrices marcadas polo Ministerio de Educación e a Consellería de Educación que publicaron instrucións de orientación para adaptar o ensino a esta nova situación. BOE do 24 de abril e DOGA do 27 de abril, ambos deste do 2020.

Tendo en conta este último documento oficial, os Departamentos didácticos de cada Centro educativo deben redactar un documento independente da programación didáctica onde se contemplen os seguintes apartados:

a.- A identificación das aprendizaxes (é dicir estándares de aprendizaxe) e competencias (é dicir competencias clave) imprescindibles que debería desenvolver cada alumno para cada materia, que servirá de referente para deseñar as actividades de recuperación, repaso, reforzo e no seu caso, ampliación que se desenvolve durante o terceiro trimestre.

b.- A avaliación e cualificación do alumnado adaptarse e realizarse sobre as aprendizaxes realizadas durante o 1º e 2º trimestre, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación durante o confinamento, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta a aprendizaxe en competencias imprescindibles anteriormente identificadas.

c.- Procedementos para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria. Hai pois que sinalar como se vai a proceder o cálculo da cualificación, tendo en conta que o alumno ou alumna, en ningún caso se encontrará prexudicado como consecuencia das dificultades producidas polo cambio de metodoloxía a distancia deste terceiro trimestre, polo que non poderá ver diminuídos os resultados desta avaliación final con respecto ás avaliacións precedentes.

d.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. Neste punto establécese neste documento que no caso de que haxa algún alumno ou alumna do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación das materias pendentes ou con avaliación negativa poderá ser convocado a unha proba

telemática se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais. Dita proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva. Deberanse detallar os criterios de avaliación e cualificación e establecer as datas e os procedementos para a avaliación das materias pendentes.

e.- A adaptación das programacións didácticas para a finalización do curso 2019-20 será elaborada en base aos principios de claridade, transparencia e obxectividade que garantan os dereitos do alumnado a que o seu rendemento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.

VALORES ÉTICOS (4º de ESO)

Nesta materia tivéronse en conta os seguintes obxectivos xerais de etapa:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

g) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas

h) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizan achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

i) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

2.- Para este terceiro trimestre seleccionáronse os seguintes contidos a impartir en relación coas competencias clave que se sinalan e os estándares de aprendizaxe a conseguir en acordo aos criterios de avaliación. A metodoloxía e os

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<p>Democracia e xustiza</p> <p>Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos</p>	<p>Comprender a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social</p>	<p>Comprende a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social</p>	<p>Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender e Competencia dixital</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fenómenos da socialización global ▪ Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais. 	<p>Describir e avalíar o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc.</p>	<p>Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc.</p>	<p>Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender e Competencia dixital</p>
<p>Os medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión outros dereitos</p>	<p>Sinalar os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade</p>	<p>Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade</p>	<p>Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender e Competencia dixital</p>

	de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.	de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.	
Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH	Comprender que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfrenta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.	Comprende que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfrenta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender e Competencia dixital
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A Declaración Universal dos Dereitos Humanos como conxunto de obxectivos irrenunciáveis da especie humana 	Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e reconece os retos que aínda teñen que superar. 	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender e Competencia dixital
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social. 	Sinalar algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).	Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender e Competencia dixital

3.- Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Actividades de reforzo e ampliación con análise de documentos audiovisuais; cuestionarios de reflexión sobre estándares de aprendizaxe propostos
	Instrumentos: A corrección individual por parte da profesora dos cuestionarios de reflexión
Cualificación final	PROCEDEMENTO PARA CALCULAR A CUALIFICACIÓN FINAL: Para calcular a nota final deste acharase a media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliaci3ns e se lles sumará un máximo de 2 puntos segundo as actividades efectuadas neste terceiro trimestre.
Proba extraordinaria de setembro	Se fora o caso en setembro haberá unha proba escrita para aqueles alumnos ou alumnas que non superen a materia de Valores éticos

4.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Cuestionarios de reflexión sobre documentos audiovisuais, asuntos éticos e pequenos fragmentos de texto.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	O alumnado ten acceso a internet
Materiais e recursos	Vídeos, por medio de urls, cuestionarios e textos a través de plataformas educativas e correos electrónicos.

5.- Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase ao alumnado e as familias por medio da plataforma educativa virtual que se estea utilizando e no seu defecto por medio de correos electrónicos.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

O Barco, a 12 de maio de 2020

Xefa do Departamento de Filosofía do IES Lauro Olmo

Ana M^a Cobo Rodríguez